



A Sociedade da Información nas empresas de Galicia

EDICIÓN 2017

Índice

Presentación do estudo

I. Caracterización do sector empresarial galego

II. Contratación de Internet

III Integración das TIC nos procesos produtivos

IV. Páxina web e redes sociais

V. Comercio electrónico e interacción coas AAPP a través de Internet

VI. Gasto en TIC

Conclusiones

Presentación do estudo

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), foi o responsable de realizar a análise que se presenta neste diagnóstico sobre “A Sociedade da Información nas empresas de Galicia. Edición 2017”

Marco estratéxico: Axenda Dixital de Galicia 2020.

Obxectivos:

Analizar en detalle, e cunha perspectiva sectorial e provincial, información cuantitativa tanto de microempresas como de empresas de 10 e máis traballadores/as, relacionada coa:

- Conectividade a Internet
- A xestión empresarial a través do uso de ferramentas TIC
- A dispoñibilidade de páxina web e os crecentes fenómenos das redes sociais e o cloud computing
- Comercio electrónico e a interacción coas Administracións Públicas a través de Internet
- Política de seguridade e Gasto TIC

I. Caracterización do sector empresarial galego (I)

Ubicación das empresas

(Total de empresas)


	DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS	10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS	TOTAL
A CORUÑA	79.304	3.099	82.403
LUGO	23.790	759	24.549
OURENSE	22.399	741	23.140
PONTEVEDRA	66.075	2.756	68.831
TOTAL	191.568	7.355	198.923

No ano 2017 había en Galicia 198.923 empresas, 1.385 máis que o ano anterior.

Seguen a primar as microempresas (entre 0 e 9 traballadores / as), que representan o 96,3% do tecido empresarial galego.

Distribución das empresas segundo número de traballadores/as

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)




Fonte: INE, Directorio Central de empresas e unidades locais, 2017

I. Caracterización do sector empresarial galego (II)



Actividade das empresas

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)




O sector servizos engloba á maioría das empresas galegas, cun 78,7%.

O 57% das empresas da nosa comunidade están establecidas baixo a forma xurídica de “persoas físicas”.

Forma xurídica das empresas


(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio Central de empresas e unidades locais, 2017

II. Contratación de Internet

Contratación de Internet:
Microempresas e Empresas de 10 e máis empregados/as
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


Contratación a Internet: amplamente estendida nas grandes empresas. No caso das microempresas sitúase no 62,7%.

Un 69,2% das microempresas con conexión a Internet, conéctase á Rede a través da banda larga móbil, 4,2 puntos máis que no ano anterior..

Novas aplicacións e esixencias de xestión vinculadas ás novas tecnoloxías demandan un acceso a Internet de calidade que permita empregar os recursos apropiados en beneficio da empresa.

Conexión a Internet a través de Banda larga móbil.
Empresas de 10 e máis empregados/as.

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE

Base: Empresas con conexión a Internet

II. Contratación de Internet

Velocidade de conexión a Internet contratada. Galicia



Fonte: INE


Base: Empresas con conexión a Internet

Un 58,4% das microempresas con conexión a Internet posúe velocidades de contratación superiores aos 10 Mb/seg, 9,1 puntos máis que no ano anterior.

As conexións de 100Mbps ou superiores xa están presentes no 25,6% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, 3,3 puntos porcentuais máis que no 2016


III. Integración das TIC nos procesos produtivos

A utilización da sinatura dixital nos procesos internos e externos da empresa experimentou un forte crecemento no último ano.



Fonte: INE

A sinatura dixital é utilizada polo 78,8% das empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as. Entre as microempresas, o uso é do 49,5% das entidades, con un importante crecemento de 7,8 puntos porcentuais no último ano.



Fonte: INE

III. Integración das TIC nos procesos produtivos


Envío e recepción de facturas electrónicas:

As empresas galegas de 10 ou mais traballadores/as superan a media estatal tanto en envío como en recepción de facturas electrónicas.

As microempresas utilizan este recurso, en menor medida, aínda así superando a media do conxunto de España no caso do envío de facturas electrónicas.




Envío de facturas electrónicas
(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

Recepción de facturas electrónicas
(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

III. Integración das TIC nos procesos produtivos

Compra de solucións Cloud Computing

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A compra dalgún servizo Cloud Computing nas empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as aumenta 4,9 puntos porcentuais.

As solucións máis demandadas son As solucións relacionadas con tecnoloxías Cloud máis empregadas son as de xestión de e-mail baseado en Cloud, servidor de base de datos (máis frecuente entre as microempresas) e almacenamento de ficheiros.

Solucións de Cloud Computing: Desglose

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

III. Integración das TIC nos procesos produtivos

O uso de ferramentas informáticas de xestión de información do cliente CRM está novamente influenciado polo tamaño da empresa.


Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas CRM. Galicia e España

(% sobre o total de empresas)



Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas CRM. Galicia

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE


Base: Empresas con conexión a Internet

III. Integración das TIC nos procesos produtivos

As ferramentas ERP, tales como control das compras ou finanzas, procesos de fabricación ou inventariado de produtos, estanse a implantar con contundencia nas empresas galegas de maior número de traballadores/as, especialmente naquelas que teñen sede ou actividade en Galicia, onde estas ferramentas están presentes no 53% das entidades empresariais.


**Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas ERP.
Galicia e España**

(% sobre o total de empresas)



Empresas que dispoñían de ferramentas informáticas ERP. Galicia

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE

Base: Empresas con conexión a Internet


III. Integración das TIC nos procesos produtivos

A porcentaxe de empresas galegas que incorpora a análise Big Data é aínda pequeno: as microempresas que analizan macrodatos dos seus clientes é dun 4,3%, triplicándose no caso de empresas de maior tamaño.

Pese ao modesto das cifras, cabe destacar a evolución positiva da práctica da análise Big Data entre as empresas galegas, tanto nas microempresas como nas entidades de máis traballadores/as, experimentando un crecemento en torno a tres puntos porcentuais no último ano. Salientar igualmente que a práctica de análise Big Data entre as empresas galegas supera á do conxunto do Estado.

Empresas que analizaron Big Data no último ano


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados / as)



Fonte: INE

Empresas que analizaron Big Data no último ano


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados / as)



Fonte: INE

IV. Páxina web e redes sociais (I)

Dispoñibilidade de páxina web
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE

A aposta pola presenza na web é alto entre o tecido empresarial galego: O 77,7% das empresas de 10 ou máis empregados/as e o 26,2% das microempresas galegas dispón de páxina web.

IV. Páxina web e redes sociais (II)

Empresas que utilizaron medios sociais
(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE

A presenza virtual, xa sexa a través de redes sociais (Facebook, LinkedIn, Tuenti...), blogs de empresa, espazos con contidos multimedia ou outras ferramentas wiki de coñecemento, son unha clara aposta tanto para as empresas galegas.

Un 33,1% das microempresas con conexión a Internet están presente en medios sociais, e un 42,4% no caso das grandes empresas con sede en Galicia. A presenza en medios sociais durante o ano 2017 aumenta en 4,5 puntos porcentuais entre as microempresas galegas.


As redes sociais como Facebook, LinkedIn, Tuenti, Google +, etc., son claramente o medio máis citado polas empresas para relacionarse virtualmente cos seus clientes.

V. Comercio electrónico e interacción coas AA.PP. a través de Internet

Empresas que venderon a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as)




Fonte: INE

Nota: O INE non facilitou os datos de comercio electrónico con período de referencia 2010

Empresas que venderon a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados)



Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013


Un 20,5% das empresas de 10 ou máis empregados/as venderon electronicamente os seus produtos ou servizos; entre as microempresas o fixeron o 2,4% das entidades.

V. Comercio electrónico e interacción coas AA.PP. a través de Internet

Empresas que compraron a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as)




Fonte: INE

Nota: O INE non facilitou os datos de comercio electrónico con período de referencia 2010

Empresas que compraron a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados)



Fonte: INE

Nota: Non dispoñibles datos de empresas multilocalizadas con actividade en Galicia anteriores a 2013

O 28,2% das empresas de 10 ou máis traballadores/as e o 15,5% das microempresas realizaron compras electrónicas.


En termos de evolución, o indicador experimenta un freo no último ano, tanto a nivel galego como no conxunto de España.

V. Comercio electrónico e interacción coas AA.PP. a través de Internet

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(%sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE


A evolución deste contacto coas AAPP é máis significativo no caso de microempresas, cun aumento durante o ano 2017 de 7,1 puntos porcentuais, superando á media estatal en case tres puntos porcentuais.

Máis do 96% das empresas de 10 e máis asalariados/as interactuou coas AAPP a través de Internet. No caso das microempresas, a porcentaxe sitúase no 74,6%.

Empresas que interactuaron coas AAPP a través de Internet no último ano

Comparación Galicia e España

(%sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE

VI. Política de seguridade

EMPRESAS CON SISTEMAS INTERNOS DE SEGURIDADE

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE

Un 85,2% das empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia e o 39,6% das microempresas galegas dispón dalgún plan interno que defina a súa política neste ámbito.

O sistema interno para a seguridade máis empregado polas empresas galegas é o da autenticación mediante contrasinais seguros,

TIPOLOXÍA DE SISTEMAS INTERNOS DE SEGURIDADE

(% sobre o total de empresas con sistemas internos de seguridade)




Fonte: INE

Gasto en TIC

GASTO EN TIC DAS EMPRESAS DURANTE O ANO 2016

(Miles de euros sobre o total de empresas)



GASTO TOTAL EN TIC

202.040.000.-€

EMPRESAS DE 10 OU MÁIS TRABALLADORES/AS

140.320.000.-€

EMPRESAS DE 0 A 9 TRABALLADORES/AS

61.718.000.-€

Fonte: INE

O gasto total das empresas galegas en produtos ou servizos TIC superou os 202 millóns de euros, se ben as diferencias entre as pequenas e as grandes empresas son novamente sobresaíntes, de xeito que o 69,5% do gasto total foi realizado polas empresas de 10 ou máis traballadores/as.

Conclusións

- No ano 2017 Galicia contabilizou un total de 198.923 empresas, das que o 96,3% son microempresas.
- Un 58,4% das microempresas con conexión a Internet posúe velocidades de contratación superiores aos 10 Mb/seg, 9,1 puntos máis que no ano anterior.
- As conexións de 100Mbps ou superiores xa están presentes no 25,6% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, 3,3 puntos porcentuais máis que no 2016
- Significativo incremento da sinatura dixital entre as microempresas galegas: 7,8 puntos no último ano
- Un 69,2% das microempresas con conexión a Internet, conéctase á Rede a través da banda larga móbil, 4,2 puntos máis que no ano anterior.
- Aumenta o uso de medios sociais, Cloud Computing e Big Data nas empresas galegas
- A presenza en redes sociais durante o ano 2017 aumenta en 4,5 puntos porcentuais nas microempresas.
- A compra dalgún servizo Cloud Computing nas empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as aumenta 4,9 puntos porcentuais, acadando un 16,4%.
- Un 8,5% das microempresas pagan por anunciarse en Internet. Esta porcentaxe case se triplica entre as empresas de máis de 10 traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia (23%).
- Un 85,2% das empresas de 10 ou máis traballadores/as e o 39,6% das microempresas galegas dispón dalgún plan interno de seguridade.


Fonte de información:

A información que se amosa neste documento procede da Enquisa sobre uso de TIC e comercio electrónico nas empresas do Instituto Nacional de Estatística (INE) e foi facilitada a través do Instituto Galego de Estatística (IGE) en virtude do marco do convenio de colaboración asinado entre a Amtega, o IGE e o INE.

Datos complementarios aos publicados polo INE:

O Convenio de Colaboración tamén permite que se facilite ao OSIMGA unha ampliación dos datos publicados polo INE, ofrecendo datos complementarios especialmente no que se refire a:

- Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas
- Comercio Electrónico nas empresas galegas
- Datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na Comunidade Galega.



XUNTA DE GALICIA

Máis información: www.osimga.org